

Resolución do 2 de maio de 2024, do tribunal designado pola Resolución do 3 de abril de 2024 (DOG núm. 70, do 10 de abril) para cualificar o proceso selectivo unitario para a provisión, mediante contrato laboral temporal, de postos de auxiliares de policía local, convocado pola Orde do 12 de marzo de 2024, pola que se da publicidade a diversos acordos e se publican as cualificacións provisionais do primeiro e segundo exercicios deste proceso.

O día 27 de abril realizáronse o primeiro e segundo exercicios deste proceso selectivo (proba de coñecementos e coñecemento da lingua galega).

Abriuse un prazo de dous días de alegacións as cuestións e respostas destes exercicios (28 e 29 de abril).

Examinadas as alegacións referidas en relación a proba de coñecementos, este tribunal por unanimidade nas sesións que tiveron lugar os días 29 de abril, e 2 de maio de 2024, ACORDOU:

1. Anular a cuestión número 36, polo que é válida a resposta 1 da reserva.
2. Cambiar a resposta correcta na cuestión número 32, da opción C á opción A.
3. Desestimar o resto das alegacións presentadas.
4. Publicar como Anexo I a esta resolución a listaxe de cualificacións provisionais do exercicio primeiro (proba de coñecementos).
5. Publicar como Anexo II a esta resolución listaxe de cualificacións provisionais do exercicio segundo (proba de coñecementos da lingua galega).
6. Informar ao persoal opositor que dispón de dous días hábiles (6 e 7 de maio) para formular as alegacións as cualificacións publicadas como anexo a esta resolución, a través do rexistro electrónico da Academia Galega de Seguridade Pública.

Na data da sinatura electrónica

A Presidenta do Tribunal

Maria Rey Rivera

